



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DA CORUÑA, PARA A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL GALEGA NO CONGRESO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL DA O.M.C.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura e Turismo, formalizaron con data 22/07/19 o instrumento arriba referido.

Que o instrumento ten por obxecto establecer a forma e condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes asinantes de cara á organización conxunta e á xestión da participación institucional galega no “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC” celebrado en Santiago de Compostela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento subscrito fundaméntase no seguinte:

A Organización Médica Colexial (OMC) na que se sitúa o Colexio Oficial de Médicos da Coruña, ten celebrado na cidade de Santiago de Compostela o seu “III Congreso de Cooperación Internacional”.

Nesta ocasión expertos nacionais e internacionais debateron na capital de Galicia sobre os problemas relacionados co acceso universal a medicamentos esenciais, sobre o dereito a unha asistencia sanitaria de calidade, a seguridade nas misións de cooperación, os instrumentos para a cooperación e as sempre permanentes crises humanitarias.

Os contidos do congreso alíñanse cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030 das Nacións Unidas, que pretenden contribuír a mellorar a saúde en todos os países, especialmente entre as persoas máis desfavorecidas.

A Xunta de Galicia, a través dos departamentos competentes en materia de sanidade, cultura e turismo, xa ten participado noutros foros de interese sanitario que teñen acadado unha grande difusión a nivel internacional, polo que a participación institucional no “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC” ten suposto unha nova oportunidade para fomentar a Galicia como destino e rexión acolledora conectada co mundo, ao tempo que se posibilita a participación de galega neste tipo de eventos internacionais, tanto no eido sanitario coma no da propia promoción cultural e turística.

O convenio, tendo en conta a súa natureza excepcional para a participación nun evento concreto organizado por unha entidade determinada con carácter exclusivo, sobre o que non é posible promover a concorrência pública, a axuda correspondente adxudícase de xeito directo de





conformidade co previsto nos artigos 36.c) e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico
Alberto Fuentes Losada.

